

Ordenanza núm. 8
Xeral de
contribucións especiais

Artigo 1º.

1. Constitúe o feito impositivo das Contribucións Especiais a obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos bens como consecuencia da realización de obras públicas ou de servizos ou ampliacións de servizos públicos de carácter municipal por este Concello.
2. As Contribucións Especiais fundaranse na mera realización das obras ou no establecemento ou ampliación dos servizos ao que se refire o apartado anterior e a súa exacción será independente do feito de que polos suxeitos pasivos sexan utilizados efectivamente unhas e outras.

Artigo 2º.

1. Os efectos no disposto no artigo anterior, terán a consideración de obras ou servizos municipais os seguintes:
 - a) Os que dentro do ámbito da súa competencia realice ou estableza o Concello para atender os fins que lle están atribuídos. Exclúense as obras realizadas polo mesmo a título de propiedade dos seus bens patrimoniais.
 - b) Os que realice ou estableza o Concello por serlles atribuídos ou delegados por outras entidades públicas, así como aquelas cuxa titularidade, conforme a Lei asumirá.
 - c) Os que se realicen ou establezan por outras entidades públicas, ou polos concesionarios destas, con aportacións económicas deste Concello.
2. As obras ou servizos a que se refire a letra a) do apartado anterior conservará o seu carácter municipal, inda cando fosen realizados ou establecidos por:
 - a) Organismos autónomos municipais ou sociedades mercantís cuxo capital social fose o Concello o único titular.
 - b) Concesionarios deste Concello.
 - c) Asociacións de contribuíntes.
3. As contribucións E. municipais son tributos de carácter finalista e o produto da súa recadación destinarase integramente, a sufragar os gastos da obra ou do establecemento ou ampliación de servizos por cuxa razón fosen establecidos e esixidos.

Artigo 3º.

O Concello poderá, potestativamente, acorda a imposición e ordenación de Contribucións Especiais, sempre que se dean as circunstancias conformadoras do feito impositivo establecido no artigo 1º da presente ordenanza xeral:

- a) Pola apertura de rúas e prazas e a primeira pavimentación das calzadas.

- b) Pola primeira instalación, renovación e substitución de redes de distribución de enerxía eléctrica.
- c) Polo establecemento e substitución de alumado público e pola instalación de redes de distribución de enerxía eléctrica.
- d) Polo ensanchamento e novas aliñacións de rúas e prazas xa abertas e pavimentadas, así como a modificación dos rasantes.
- e) Pola substitución de calzadas, beirarrúas, absorbedores e bocas de rego das vías públicas urbanas.
- f) Polo establecemento e ampliación de servizos de extinción de incendios.
- g) Pola construción de embalses, canais e outras obras para a irrigación de fincas.
- h) Pola realización de obras de captación, embalse, depósitos, condución e depuración de augas para o abastecemento.
- i) Pola construción de estacións depuradoras de augas residuais e colectoras xerais.
- j) Pola implantación de arborado en rúas e prazas así como pola construción e ampliación de parques e xardíns que sexan de interese para un determinado barrio, zoa ou sector.
- k) Polo desmonte, terraplenado e construción de muros de contención.
- l) Pola realización de obras de desecación e saneamento e de defensa de terreos contra avenidas e inundacións, así como a regulación e desviación de cursos de auga.
- m) Pola construción de galerías subterráneas para aloxamento de redes e tubaxe de distribución de auga, gas e electricidade, así como para que sexan utilizados por redes de servizos de comunicación e información.
- n) Pola realización ó establecemento ou ampliación de calesquera outras obras ou servizos municipais.

Capítulo II: Exaccións e bonificacións.

Artigo 4º.

1. Non se coñecerán en materia de Contribucións Especiais beneficios fiscais que os que veñan establecidos por disposicións con rango de Lei ou por Tratados ou Convenios internacionais.
2. Que nos casos a que se refire o apartado anterior consideranse con dereito a un beneficio fiscal faranno constar así ante o Concello, coa expresa mención do precepto en que se consideran amparados o seu dereito.
3. Cando se recoñezan beneficios fiscais nas Contribucións Especiais municipais, as cuotas que poidesen corresponder os beneficios, o no seu caso, o importe das bonificacións non poderán ser obxecto de distribución entre os demais suxeitos pasivos.

Capítulo III: Suxeitos pasivos.

Artigo 5º

1. Terán a consideración de suxeitos pasivos das Contribucións Especiais as persoas físicas e xurídicas así como as entidade a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, especialmente beneficiados pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos municipais que orixinen a obrigación de contribuír.
2. Os efectos do disposto no apartado anterior considerase persoas especialmente beneficiados:
 - a) Nas Contribucións Especiais por realización de obras ou establecementos ou ampliación de servizos que afecten a bens inmobles, os propietarios dos mesmos.
 - b) Nas Contribucións Especiais pola realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas, ou entidades titulares destas.
 - c) Nas Contribucións Especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios, ademais dos propietarios dos bens afectados, as Compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo, no termo deste Concello.
 - d) Nas Contribucións Especiais por construcións de galerías subterráneas, as empresas subministradoras que deban utilízalas.
 - e)

Artigo 6º

1. Sen prexuízo, no seu caso, do disposto no apartado 3 do art. 11 da presente ordenanza xeral, as Contribucións Especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas que aparezan no Rexistro de Propiedade, como donas ou posuidoras dos bens inmobles, ou no Rexistro Mercantil o una Matrícula do Imposto sobre actividades económicas, como titulares das explotacións ou negocios afectados polas obras ou servizos, na data de determinación de aquelas ou na do comezo de presentacións destas.
2. Nos casos de réxime da propiedade horizontal, a representación de Comunidades de Propietarios facilitará á administración municipal os nomes dos copropietarios e o seu coeficiente e participación na comunidade, a fin de proceder o xiro das cotas individuais. De non facelo así, entenderase aceptado o que se xire unha única cota, de cuxa distribución ocuparase a propia comunidade.

Capítulo IV: Base imponible.

Artigo 7º

1. A base impositiva das Contribucións Especiais esta constituído, como máximo polo 90% do coste que o Concello soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.
2. O referido coste estará integrado polos seguintes conceptos:
 - a) O coste real dos traballos periciais, de relación de proxectos e de dirección de obras, plans e programas técnicos.
 - b) O importe das obras a realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación dos servizos.
 - c) O valor dos terreos que ocupen permanentemente as obras ou servizos salvo que se trate de bens de uso público de terreos cedidos gratuitamente e obrigatoriamente o Concello, ó inmovible cedido nos termos establecidos no art. 77 da Lei de patrimonio do Estado.
 - d) As indemnizacións procedentes do derribo de construcións, destrucións de plantacións, obras ou ampliacións, así como os que deban abordarse os arrendatarios dos bens que sexan derruídos ou ocupados.
 - e) O interese do capital invertido nas obras ou servizos cando o Concello tivera que solicitar crédito para financiar a porción non cuberta por estas no caso de fraccionamento xeral das mesmas.
3. O coste total presupostado das obras ou servizos terá carácter de mera previsión. Si o coste fora máis ou menos có previsto, tomará aquel a efectos de cálculo das cotas correspondentes.
4. Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o art. 2º. E) da presente ordenanza, ou o apartado 2 b) do mesmo artigo, a base impositiva das C. Especiais determinarase en función do importe destas aportacións, sen prexuízo dos que poden impor outras administracións públicas, por razón das mesmas obras ou servizos. En todo caso, respectaranse o límite de 90% a que se refire o apartado primeiro deste artigo.
5. O s efectos de determinar a base impositiva, entenderase por coste soportado polo Concello a contía resultante de restar a cifra de coste total ou importe das subvencións ou auxilios que a entidade local obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada. Exceptuase o caso de que a persoa ou entidade aportante da subvención ou auxilio teña a condición de suxeito pasivo, caso no cal procederase de conformidade có indicado no apartado 2 do art. 9º da presente ordenanza.

Artigo 8º

A corporación determinará no acordo de ordenación respectiva a porcentaxe de coste de obra soportado pola mesma que constitúa en cada caso concreto, a base impositiva de C. Especiais de que se trate, sempre có límite de 90 % que se refire ó artigo anterior.

Capítulo V: Cota tributaria.

Artigo 9º

1. A base impositiva das C. Especiais repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos con suxeición seguinte regra:
 - a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta e separadamente, como módulos de reparto, os metros lineais de fachadas dos inmobles a súa superficie, ou volume de edificabilidade dos mesmos e o valor catastral a efectos do imposto sobre bens inmobles.
 - b) Si se trata do establecemento e mellora do servizo de extinción de incendios, poderán ser distribuídos entre as entidades ou sociedades que cubran o resgo por bens sitos neste municipio, proporcionalmente o importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior. Si a cota esixible a cada suxeito pasivo fora superior ao 5% do importe das primas recadables por o mesmo, o exceso trasladarase os exercicios sucesivos ata a súa total amortización.
 - c) No caso das obras a que se refire o art.3 m) da presente ordenanza xeral o importe total da C. Especial, será distribuído entre as compañías ou empresas que vaian a utilizalas en razón o espazo reservado a cada unha en proporción a total sección das mesmas, inda cando non os usen inmediatamente.
2. No caso de que se outorgase para a realización dos servizos municipais unha subvención ou auxilio económico porque tivese a condición de suxeito pasivo das C. Especiais que se exaccionasen por tal razón, o importe de dita subvención ou auxilio destinarase primeiramente, a compensar a cota respectiva persoa ou entidade o exceso, si o houbera, aplicarase a reducir, a prorrata, a cotas dos restantes suxeitos pasivos.

Artigo 10º.

1. En toda clase de obras, cando a diferenza de coste por unidade nos diversos traxectos, tramos ou seccións de obras ou servizos non corresponda análoga diferenciación no grao de utilidade ou beneficio para os interesados, tódalas partes do plan correspondentes serán considerados en conxunto os efectos do reparto e, en consecuencia, para a determinación das cotas individuais non se atenderá soamente o coste especial de tramo ou sección que inmediatamente afecte a cada contribuínte.
2. No caso de que o importe das C. Especiais repartiranse tanto en conta os metro lineais de fachada dos inmobles, entenderase por fincas con fachadas a vía pública non so nos edificio en coincidencia coa aliñación exterior da mazá, se non tamén o construído sen bloques illados calquera que fose a situación respecto a vía pública que delimite aquel mazá, e sexa obxecto da obra; en consecuencia, a lonxitude de fachada medirase en tales casos, pola do solar da finca independentemente das circunstancias de edificación,

retranqueo, patio abetos, zoas de xardín ou espazos libres.

3. Cando o encontro da súa fachada está formado por un chafán o se unha en curva, considerarase os efectos de lonxitude da fachada a metade de lonxitude do chafán ou a metade do desenvolvemento da curva, que se sumará as lonxitudes das fachadas inmediatas.

Capítulo VI: Devengo.

Artigo 11º

1. As C. Especiais devense no momento en que as obras se executen ou servizo comece a prestarse. Si as obras foran fraccionables o devengo producirase para cada un dos suxeitos pasivos dende que se executen as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.
2. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, unha vez aprobado o acordo concreto de imposición e ordenación, o Concello poderá esixir por anticipado o pago das C. Especiais en función do importe e coste previsto para o ano seguinte. Non poderá esixir por anticipado unha nova anualidade sen que foran executadas as obras par as cales se esixan o correspondente anticipo.
3. O momento do devengo das C. Especiais terase en conta os efectos de determinar a persoa obrigada o pago de conformidade có disposto no art. 5º da presente ordenanza xeral, inda cando no acordo concreto de ordenación figure como suxeito pasivo que o sexa con referencia a data da súa aprobación e do que o mesmo fose anticipado o pago de cotas, de conformidade có disposto no apartado 2 do presente artigo. Cando a persoa que figure como suxeito pasivo no acordo concreto de ordenación lle fose notificado, transmita os dereitos sobre os bens e explotacións que motivan a imposición no período comprendido entre a aprobación do Dito acordo e do nacemento do devengo, estará obrigado a dar conta a Admón. Municipal da transmisión afectada, dentro do prazo dun mes dende a data deste, e si non se fixera, dita administración poderá dirixir a acción para o cobro por el contrario quen figure como suxeito pasivo en dito expediente.
4. Unha vez finalizada a realización total ou parcial das obras ou iniciada a prestación do servizo, procederase a sinalar os suxeitos pasivos, a base e as cotas individualizadas definitivas xirando as liquidacións que procedan e compensando como entrega a conta os pagos anticipados que se efectuaron. O sinalamento definitivo realizarase polos órganos competentes do Concello, axustándose as normas do acordo concreto de ordenación do tributo para obra ou servizos de que se trate.
5. Si os pagos foran anticipados foran efectuados por persoas que non teñan a condición de suxeito pasivo na data do devengo do tributo ou ben excederá da cota individual definitiva que lles corresponda, o Concello practicará de oficio a pertinente devolución.

Capítulo VII: Xestión, inspección e recadación

Artigo 12º.

A xestión, liquidación, inspección e recadación das C. Especiais realizaranse na forma, prazos e condición que se establezan na Lei Xeral Tributaria e as demais leis do Estado reguladoras na materia así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 13º.

1. Unha vez determinada a cota a satisfacer, o Concello poderá conceder, a solicitude do contribuínte o fraccionamento ou aprazamento de aquela polo prazo máximo de 5 anos, debendo garantizarse o pago da débeda tributaria que incluírá o importe de interés de demora das cantidade aprazadas, mediante hipoteca, prenda, aval bancario ou outras garantías suficientes a satisfacción da Corporación.
2. A concesión de fraccionamento ou aprazamento implicará a conformidade do solicitante có importe total da cota tributaria que lle corresponda.
3. A falta de pago dará lugar a perda do beneficio de fraccionamento, con expedición de certificado de descuberto pola parte pendente de pago, recargos e interés correspondentes.
4. En calquera momento o contribuínte poderá renunciar os beneficios do aprazamento ou fraccionamento, mediante ingreso da cota ou de parte da mesma pendente de pago, así como dos intereses vencidos, cancelándose a garantía constituída.
5. De conformidade coas condicións socio-económicas da zoa na que se executen as obras, a súa natureza e cadro de amortización, o coste, a base liquidable e o importe das cotas individuais, o Concello poderá acordar de oficio o pago fraccionado con carácter xeral para todos os contribuíntes, sen prexuízo de que eles mesmos poidan en calquera momento anticipar os pagos que considere oportunos.

Capítulo VIII: Imposición e ordenación.

Artigo 14º.

1. A exacción das Contribucións Especiais, precisará a previa adopción polo Concello do acordo de imposición en cada caso concreto.
2. O acordo relativo a realización dunha obra ou o establecemento ou ampliación dun servizo que deba costarse mediante Contribucións Especiais non poderá executarse ata que se aprobe a ordenación concreta destas.
3. O acordo de ordenación ou ordenanza reguladora será de inexcusable adopción e contará a determinación do coste previo das obras e servizos, da cantidade a repartir entre os beneficiarios e dos criterios de reparto. O acordo de ordenación concreto ou ordenanza reguladora remitirase nas demais cuestións á presente ordenanza xeral de C. Especiais.

4. Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de Contribucións Especiais e determinadas a cota a satisfacer, estas serán notificadas individualmente a cada suxeito pasivo si este e o seu domicilio fosen coñecidos, eno seu defecto por edictos. O s interesados poderán formular recurso de reposición ante o Concello, qu e poderá versar sobre a procedencia das C. Especiais a % de coste que deban satisfacelas persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asignadas.

Artigo 15º.

1. Cando este Concello celebre con outra entidade local a realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos e sempre que se impoñan Contribucións Especiais observaranse as seguintes regras:
 - a) Cada entidade conservará as súas competencias respectivas en orde ós acordos de imposición e ordenación concretos.
 - b) Se algunha das entidades realizará as obras ou ampliase os servizos coa colaboración económica da outra, corresponderá á primeira a xestión e recadación das Contribucións Especiais sen prexuízo do imposto na letra a) anterior.
3. No suposto de que o acordo concreto de ordenación non fora aprobado por unha das entidades, quedará sen efecto a unidade de actuación, adoptando separadamente cada unha delas as decisións que precedan.

Capitulo IX: Colaboración cidadá.

Artigo 16º.

1. Os propietarios ou titulares efectuados polas obras poderán constituírse en Asociacións administrativas de Contribuíntes e promover a realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos polo Concello, comprometéndose a sufragar a parte que corresponda aportar a este cando a súa situación financeira non a permitira, ademais de que lles corresponde segundo a natureza da obra ou servizo.
2. Así mesmo, os propietarios ou titulares afectados pola realización das obras ou servizo ou ampliación dos mesmos, promovidos polo Concello, poderán constituírse en Asociacións administrativas de Contribuíntes no período de explotación ó público de acordo de ordenación das C. Especiais.

Artigo 17º.

Para a constitución das Asociacións advas. de contribuíntes a que se refire o artigo anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, a lo menos, os dous terzos das cotas que deban satisfacerse.

Capítulo X: Infraccións e sancións.

Artigo 18º.

1. En todo o relativo as infracción tributaria e a súa cualificación así como as sancións que as mesmas lle corresponda en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria.
2. A imposición de sancións no suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas denegadas non prescritas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto na presente ordenanza xeral de C. Especiais, estarase ó disposto nos artigos 28 e 37, ambas inclusive, da Lei 39/1988 e demais aplicables na materia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción foi aprobada polo Pleno do Concello, se sesión celebrada o vinte e nove de decembro de mil novecentos oventa e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

PUBLICACIÓN

BOP 16 DE MARZO DE 1990